

I. DISPOSICIÓN XERAIS**MINISTERIO DA PRESIDENCIA
E PARA AS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS**

12222 Orde PRA/1943/2016, do 22 de decembro, pola que se modifican os anexos I, II, IV e VI do Real decreto 865/2010, do 2 de xullo, sobre substratos de cultivo.

O Real decreto 865/2010, do 2 de xullo, sobre substratos de cultivo, establece a normativa básica en materia de substratos de cultivo e as normas necesarias de coordinación coas comunidades autónomas. Esta disposición contén sete anexos, onde se especifican as características técnicas e outros requisitos que deben cumprir estes produtos, para seren utilizables na agricultura e xardinaxe española.

A súa disposición derradeira terceira faculta a ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para modificar os anexos I, II, III, IV, V e VII, de acordo co procedemento establecido no capítulo V. Así mesmo, a dita disposición faculta a ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para modificar o anexo VI, de acordo co procedemento establecido no artigo 21.4 do capítulo V.

No proceso de elaboración desta disposición seguiuise o procedemento establecido no capítulo V «Adaptación dos anexos», que recolle o informe previo do Comité de Expertos, e, así mesmo, foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

A presente orde foi sometida ao procedemento previsto na Directiva (UE) 2015/1535 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de setembro de 2015, pola que se establece un procedemento de información en materia de regulamentacións técnicas e de regras relativas aos servizos da sociedade da información, así como ao disposto no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, e da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, dispoño:

Artigo único. *Modificación dos anexos I, II, IV e VI do Real decreto 865/2010, do 2 de xullo, sobre substratos de cultivo.*

Os anexos I, II, IV e VI do Real decreto 865/2010, do 2 de xullo, sobre substratos de cultivo, quedan modificados como segue:

Un. O anexo I, «Clasificación de produtos», queda modificado como segue:

a) No grupo 1, produtos orgánicos como substratos de cultivo ou compoñentes de substratos de cultivo, o tipo 1.1 substitúese polo seguinte:

«N.º	Denominación do tipo de produto	Descrición	Especificacións	Declaracións obrigatorias	Declaracións opcionais
1	2	3	4	5	6
1.1.	Composta	Produto hixienizado e estabilizado, obtido mediante descomposición biolóxica aerobia (incluíndo fase termofílica), baixo condicións controladas, de materiais orgánicos biodegradables do anexo V, recollidos separadamente.	Materia orgánica sobre materia seca >20 % (m/m).	<ul style="list-style-type: none"> • Principais compoñentes [máis do 10 % (v/v)], ordenados en orde decrecente de porcentaxe. • Materia orgánica sobre materia seca. • Condutividade eléctrica, CE. • pH. • Cantidade en volume. 	<ul style="list-style-type: none"> • Densidade aparente seca. • Volume de aire. • Volume de auga a 1, 5 e 10 KPa. • Materia seca. • Espazo poroso total. • Granulometría.»

b) No grupo 5. Substratos de cultivo de mestura, engádese un novo tipo 5.3, co seguinte contido:

«N.º	Denominación do tipo de produto	Descrición	Especificacións	Declaracións obrigatorias	Declaracións opcionais
1	2	3	4	5	6
5.3.	Substrato de mestura a demanda	<p>Produto obtido mediante mestura de dous ou máis compoñentes de substratos de cultivo descritos nas táboas dos grupos 1,2 e 3.</p> <p>A mestura será soamente para uso profesional e realizarase á demanda dun cliente, de acordo coa solicitude deste.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Debe existir un documento que confirme que se estableceu un acordo entre partes, no cal se detallan os requisitos exixidos polo cliente. Este documento gardarase 3 anos e debe estar dispoñible para as autoridades competentes. • Só se poderá fabricar un máximo de 1.000 m³/ano e cliente. • Gardar unha mostra testemuñal durante un mínimo de tres meses. 	<ul style="list-style-type: none"> • Cantidade en volume. • Incluír a frase «Uso profesional». 	<ul style="list-style-type: none"> • As mesmas declaracións que se especifican nas táboas dos grupos 1, 2 e 3 para os principais compoñentes.»

Dous. O anexo II, «Identificación e etiquetaxe», queda modificado como segue:

a) Inclúese un novo punto 5.º na alínea 1.b) «Respecto a contidos e características», co seguinte contido:

«5.º No caso do substrato de mestura á demanda, deberase incluír como documento de acompañamento unha declaración responsable do fabricante respecto ás características do substrato, acorde coa solicitude do usuario.»

b) Inclúese unha nova alínea j) no número 2. «Identificacións e mencións opcionais», co seguinte contido:

«j) Substrato elaborado por (entidade/persoa que realizaou a mestura) para (entidade/persoa) que a pon no mercado.»

Tres. No anexo IV, «Marxes de tolerancia», a segunda entrada no cadro, relativa á condutividade eléctrica, substitúese pola seguinte:

«Condutividade eléctrica.	<p>100 % se a condutividade eléctrica é < 50 mS/m.</p> <p>50 % se a condutividade eléctrica está comprendida entre 50-200 mS/m.</p> <p>25 % se a condutividade eléctrica é > 200 mS/m.»</p>
---------------------------	---

Catro. No anexo VI, «Límites máximos de microorganismos e metais pesados nos substratos de cultivo», o número 1. Microorganismos, substitúese polo seguinte:

«1. Microorganismos

a) A materia prima transformada, lista para ser usada como ingrediente de produtos orgánicos de orixe animal, debe ser sometida a un proceso de hixienización que garanta que a súa carga microbiana non supera os valores máximos establecidos no Regulamento (UE) n.º 142/2011 da Comisión, do 25 de febreiro de 2011, que establece as disposicións de aplicación do Regulamento (CE)

n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, que establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e os produtos derivados non destinados ao consumo humano, e a Directiva 97/78/CE do Consello que establece os principios relativos á organización de controis veterinarios dos produtos que se introduzan na Comunidade procedentes de terceiros países.

b) Nos substratos de cultivo de orixe orgánica, acreditarase que non superan os seguintes niveis máximos de microorganismos:

1.º *Salmonella*: ausente en 25 g de produto elaborado.

2.º *Listeria monocytogenes*: ausente en 1 g de materia bruta en cultivos para a alimentación.

3.º *Escherichia coli*: < 1000 número máis probable (NMP) por gramo de produto elaborado.»

Disposición transitoria única. *Etiquetaxe.*

Naquelas modificacións da presente orde que poidan afectar a etiquetaxe dos produtos actualmente comercializados, poderán seguir etiquetándose de acordo coa normativa anterior até doce meses despois da entrada en vigor desta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 22 de decembro de 2016.—A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia e para as Administracións Territoriais, Soraya Sáenz de Santamaría Antón.